

ACTA

En Arzúa, a 6 de setembro de 2018.

Sendo as 10.00 horas, reúnen-se na dependencia destinada a Secretaría dentro da Casa do Concello, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de **auxiliar de biblioteca**, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada ordinaria de trinta e sete horas e media semanais horas semanais, durante un período de tempo de cinco meses, rematando en todo caso o día 31 de decembro de 2018; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por resolución do alcalde, ditada o día 7 de xuño de 2018.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D^a Marina Corral Pumar (*Técnica de cultura do Concello de Toques*).
- Vogais:
 - D^a. Rosa Mendez García (*Bibliotecaria do Museo do Pobo Galego*)
 - D. Marcos Saavedra Blanco (*Bibliotecario da Biblioteca de Villalba*).
 - D. Ramón Torreiro González (*Bibliotecario da Biblioteca de Arzúa*)
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora,--de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- , a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de concretar como se ía desenvolver primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en “*responder a un cuestionario de vinte preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*”.

Se ben, con carácter previo, acordouse resolver a reclamación que presentara o aspirante Miguel Angel Mateos Carreira, mediante un escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 31 de agosto de 2018 (rexistrado de entrada ao número 2.857)

Para o cal, polo secretario douse lectura de dito escrito, de cuxo contido se deduce -que dentro do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte neste proceso de selección- o citado aspirante presentou o documento expedido polo Servizo Público de Emprego (Oficina de Melide), a través do cal se acredita que se atopa na situación de desemprego e que se trata dunha persoa desempregada de longa duración; e sen embargo figuraba como excluído na lista provisional e na lista definitiva de aspirantes; polo que solicitaba ser admitido para poder realizar o exercicio do vindeiro día 6 de setembro.

Informando o secretario que o mesmo día en que se presentara ese escrito, o aspirante insistiu en que entregara ese documento xunto coa súa solicitude, e que tamén presentara outra solicitude para tomar parte nun proceso de selección que o Concello convocara para poder seleccionar a operarios de servizos varios. Polo que se decidiu comprobar cal era a documentación

que obraba neste outro expediente, referida ao Sr. Mateos Carreira; observando que entre esa documentación figuraba o documento que tería que ser incluído no expediente que se tramita para seleccionar ao auxiliar de biblioteca.

Tendo en conta esta situación, e considerando que o aspirante non ten porque ser perxudicado por un erro alleo a el, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos cinco membros asistentes- adoptou o acordo de estimar a reclamación do aspirante Miguel Angel Mateos Carreira e, en consecuencia, incluído na lista definitiva de aspirantes admitidos neste proceso de selección; e requirírlle para que compareza a realizar o exercicio de carácter teórico, previsto para o día de hoxe, ás 11.00 horas, nunha das aulas do edificio municipal "Terra do Queixo".

Acto seguido a Comisión Seleccionadora decidiu tratar sobre a forma de proceder en canto ao desenvolvemento do primeiro exercicio, de carácter teórico da oposición convocada; para o cal pola Presidenta e polos tres vogais, desde as 10.10 horas ata as 10.50 horas, elaboráronse as vinte cuestións en que consistiría ese exercicio, así como dúas cuestións de reserva, de maneira que cada cuestión confeccionada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respotas a considerada como correcta.

Tras o cal, procedeuse a efectuar as fotocopias suficientes dos dous folios que conteñen as vinte preguntas elaboradas, incluíndo tamén dúas preguntas de reserva, trasladándose con todo iso a Comisión Seleccionadora ao edificio municipal "Tera do Queixo", sito na rúa Padre Pardo.

E unha vez alí, sendo as 11.10 horas, procedeuse a chamar aos aspirantes que estaban esperando para que pasasen a aula nº 3 sita no primeiro andar do citado edificio.

Unha vez dentro, procedeuse facer entrega das fotocopias que conteñen os cuestionarios aos dezaseis aspirantes que compareceron a realizar o exercicio teórico, facéndolles saber a todos eles publicamente:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.
- Que será necesario obter unha puntuación de 10 puntos sobre 20 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de trinta minutos, desde as 11.22 horas ata as 11.52 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando en negrita as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1.- A ciencia da información aplicada á organización, administración e servizos de bibliotecas, chámase?:

- A) Documentación.
- B) Bibliografía.
- C) Biblioteconomía.**
- D) Biblioterapia.

2.- Que é a IFLA?:

- A) Instituto Francés de Lectura Aplicada.
- B) Asociación para a Formación de Lectores Infantís

C) **Federación Internacional de Asociaciones de Bibliotecarios e Bibliotecas.**

D) Federación Internacional de Libreiros.

3.- En que ano a Biblioteca Real pasa a depender do goberno e muda o seu nome por Biblioteca Nacional de España?:

A) 1789

B) 1836

C) 1873

D) 1931

4.- Como se chama o programa de dinamización da lectura que ofrece a Rede de Bibliotecas de Galicia ás bibliotecas que forman parte dela?:

A) GaliciaLe

B) Bibliogal

C) Ler conta moito

D) Digalicia

5.- O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia é:

A) O órgano colexiado consultivo da Administración autonómica nas materias relacionadas co Sistema Galego de Bibliotecas.

B) O órgano coordinador das bibliotecas escolares de Galicia

C) O órgano colexiado consultivo da Administración autonómica nas materias relacionadas co Patrimonio Bibliográfico e Documental Galego.

D) Un órgano consultivo derogado coa Lei 5/2012, de 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia

6.- En canto á súa estrutura, a CDU está composta por:

A) Táboas xeográficas e onomásticas

B) Táboas alfabéticas e numéricas

C) Táboas temporais, formais e secundarias

D) Táboas principais e auxiliares

7.- En que ano xurde o formato MARC?

A) 1910

B) 1989

C) 1966

D) Non existe tal formato MARC.

8.- Segundo a Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, as bibliotecas poderán ser, en función da súa titularidade:

A) De titularidade pública e privada

B) Consorciadas, públicas e restrinxidas.

C) Especializadas, xerais e municipais.

D) Universitarias, privadas, públicas e mixtas.

9.- En que ano se establece o Depósito Legal en España:

A) 1958

B) 1963

C) 1978

D) 1993

10.- A función do expurgo é:

A) Aumentar o espazo nos andeis.

B) Retirar documentos deteriorados, con información desfasada ou que non se axustan aos obxectivos da biblioteca.

C) Manter ao día as seccións de libre accesibilidade.

D) Retirar os documentos con máis de dez anos.

11.- Cando un libro sofre expurgo, o seu número de rexistro:

A) Asígnaselle a un documento novo con contido similar e actualizado.

B) Asígnaselle a calquera outro documento que entre na biblioteca.

C) Non se reutiliza.

D) Pásase ao libro de rexistro de obras expurgadas.

12.- En cal dos sistemas de clasificación se basea a CDU?:

- A) Na clasificación Vickery.
- B) Na clasificación Bliss.
- C) Na clasificación decimal de Dewey.**
- D) Na clasificación Brunet.

13.- Nun catálogo sistemático que empregue a CDU, cal das seguintes ordenacións temáticas sería a axeitada?:

- A) Filosofía - Educación especial - Fisioloxía humana - Historia de Europa.**
- B) Relixión - Farmacoloxía - Dereito - Historia.
- C) Biblioteconomía - Bioquímica - Psicoloxía evolutiva - Literatura Grega.
- D) Urbanismo - Historia Antiga - Fisioterapia - Dereito administrativo.

14.- En que número das táboas principais da CDU está incluída a medicina:

- A) 6.**
- B) 2.
- C) 7.
- D) 3.

15.- Cal dos seguintes números da CDU lle correspondería á biografía de María Victoria Moreno?:

- A) 9.**
- B) 5.
- C) 8.
- D) 1.

16.- Un español de orixe, poderá ser privado da súa nacionalidade?:

- A) Si.
- B) Non.**
- C) Si, temporalmente.
- D) Si, sempre que adquira a doutro país .

17.- A Constitución, reconece a liberdade de creación de centros docentes?

- A) Non.
- B) Si, ás persoas físicas exclusivamente.
- C) Si, ás persoas xurídicas exclusivamente.
- D) Si, ás persoas físicas e xurídicas.**

18) Que concellos deberán prestar, en todocaso, o servizo de biblioteca pública:

- A) Aqueles con poboación superior a 2000 habitantes.
- B) Aqueles con poboación superior a 20000 habitantes.
- C) Aqueles con poboación superior a 10000 habitantes.
- D) Aqueles con poboación superior a 5000 habitantes.**

19) O nomeamento dos membros da Xunta de Goberno polo alcalde, debe ser ratificado por algún órgano?:

- A) Si, pola maioría absoluta do Pleno.
- A) Si, pola maioría simple do Pleno.
- C) Serán nomeados e separados libremente polo Alcalde comunicándollo ao Pleno.**
- D) Serán nomeados e separados libremente polo Alcalde.

20.- Non é función do Pleno:

- A) A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas.
- B) O plantaxamento de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.**
- C) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público.
- D) Todas son funcións, segundo aley de Réxime Local

Preguntas de reserva

21.- Os libros deben selarse:

- A) Nunhas páxinas determinadas para todos os libros.
- B) Aleatoriamente.
- C) Nas páxinas nas que coincidan certas cifras.
- D) As tres respostas son atinadas.**

22.-A temperatura adecuada para un depósito de documentos en papel é de:

- A) Entre 14 e 24 °C.
- B) Entre 16 e 24 °C.
- C) Entre 15 e 21 °C.**
- D) Entre 14 e 21 °C.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos cinco membros integrantes -, otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

Nome e apelidos	Puntuación prueba teorica
Cristina Rodríguez Varela	9
Alejandra Carreño Rodríguez	17,75
Sonia Ferrin Brocos	5
Emilia Edreira Armesto	16,25
Cristina Laya Miguelez	NP
M ^a Eugenia Hortal Pintos	3,75
Ana M ^a Fresco Santalla	NP
María Manuela Bouza Anidos	NP
Cristina Rosalía de Castro Martínez	7,75
María Pilar Canosa Carballo	5,25
Tamara Dosantos Delgado	12,75
Ana Abella Gallego	NP
Ana María Regueira Rodríguez	13,25
Paula Teixeira Rodríguez	6,75
Manuel García López	6,75
Patricia Varela Pereiro	14
Sara María Cid Alvarez	19
Sara Esperante Rodríguez	NP
Marta Fernández García	NP
Ivan García Sangiao	6,75
Lorena Martín Oreiro	16,25
Miguel Angel Mateos Carreira	9,5

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, por aqueles aspirantes que obtiveron unha puntuación próxima aos 10 puntos que era o límite para non quedar eliminados.

Tras todo o exposto, adoptouse -tamén por unanimidade dos cinco membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos dezaseis aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase de oposición.

Segundo: Facer saber aos aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

Terceiro: Convocar aos restantes aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **13 de setembro** (xoves) as **10.30 horas**, no Salón de sesións da Casa do Concello; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluído no Anexo I das Bases; cuxo exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos, para o cal se disporá dun tempo máximo de corenta e cinco minutos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 13:30 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, como secretario de dita Comisión, dou fe.